



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Convocatoria prazas Ludotecas de Nadal, Entroido e Semana Santa do Servizo Lousame Concilia 2024/25.

Expediente: 2024/G003/000828

Expediente convocatoria prazas: 2024/S004/000007

Vista a necesidade deste Concello de prestar o servizo Lousame Concilia, de atención e coidado de menores fóra dos períodos e horarios escolares, para facilitar a conciliación familiar e laboral das familias de Lousame.

Por medio da presente,

DISPOÑO:

1º.- Aprobar a convocatoria de 20 prazas para as Ludotecas de Nadal, Entroido e Semana Santa do Servizo Lousame Concilia 2024/25. O servizo prestarase nos días lectivos de 9:30 a 14:30, en instalacións do CPI Cernadas de Castro. As datas de Nadal serán o 23, 24, 26, 27, 30 e 31 decembro de 2024 e o 2, 3 e 7 de xaneiro de 2025. As datas de Entroido serán o 3, 4 e 5 de marzo de 2025. As datas de Semana Santa serán o 14, 15, 16 e 21 de abril de 2025.

2º.- Establecer como prazo único de presentación de solicitudes o período que vai do 22 de novembro ata o 1 de decembro de 2024, ambos incluídos. Presentarase o impreso de solicitude, que se pode descargar da páxina web municipal, no Rexistro Xeral municipal xunto coa documentación obrigatoria e aquela outra documentación necesaria para acreditar a situación socioeconómica da unidade familiar que a persoa solicitante indique na súa solicitude.

3º.- Se o número de solicitudes supera as prazas ofertadas levarase a cabo a valoración das solicitudes, incluíndo criterios establecidos na *Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade das bases reguladoras de subvencións ás entidades locais para a promoción da igualdade para o ano 2024*, acreditados coa correspondente documentación;

Criterios de valoración	Documentación a presentar
Menor empadroadado/a, como mínimo cun dos proxenitores, cunha antigüidade de máis dun ano no Concello de Lousame (18 puntos)	Comprobarase de oficio
Neno/a solicitante menor de 12 anos, <i>na data final do prazo desta convocatoria</i> (8 puntos)	Comprobarase de oficio no libro de familia
Nivel de rendas anual da unidade familiar inferior a 3 veces o IPREM anual (inferior a 25.200€/ano) (2 puntos)	Libro de familia Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou a falta desta un certificado tributario de imputación de rendas, dos <u>membros computables</u> da unidade familiar do exercicio 2023 .
Familia monoparental (1 punto)	Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia
Vítima de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller (1 punto)	Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, conforme á normativa vixente.
Discapacidade dalgún membro da unidade familiar (1 punto)	Certificado acreditativo emitido polo órgano da Administración correspondente.
Muller en situación de desemprego de longa duración (1 punto)	Certificado do Servizo Público de Emprego
Muller maior de 45 anos (1 punto)	Comprobarase de oficio no libro de familia





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Unidade familiar en que existan outras cargas relacionadas cos cidadados (1 punto)	Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
Familia en situación de vulnerabilidade social (1 punto)	Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia

En caso de empate na puntuación, terase en conta a orde de entrada da solicitude no Rexistro do Concello. De non quedar suficientemente acreditada a situación socioeconómica da unidade familiar indicada pola persoa solicitante no impreso de solicitude, o concello poderá requirir que aporten outra documentación.

4º.- Tras o período de inscrición, de non quedar solicitudes para lista de espera, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipais a lista definitiva de solicitudes admitidas. No caso de que a demanda de prazas supere as prazas ofertadas, publicarase unha lista provisional de solicitudes admitidas e pendentes en lista de espera. Transcorrido un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións, publicarase a lista definitiva de solicitudes admitidas e pendentes en lista de espera. A lista de espera xestionarase para cubrir posibles baixas definitivas, comunicadas de xeito previo ao inicio do período de prestación do servizo, seguindo a orde de admisión.

5º.- As familias deberán achegar ao persoal monitor a autorización de toma de imaxe e son e comunicación de posibles alerxias de ser o caso.

6º.- Os prezos serán os establecidos na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar publicada no BOP 247 de 29/12/2011.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

